EXPEDIENTE 2025/G010/000002. PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE 7 DE FEBREIRO DE 2025.

ACTA Nº 2025/03

SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: venres 7 de febreiro de 2025

Hora de comezo: 10.30 horas

Hora de remate: 10.34 horas

PRESIDE:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

NON ASISTEN:
Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria urxente conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión.
2. EXPEDIENTE 2024/A008/000047. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2025. Aprobación da solicitude de participación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: V4kLiCNMbgzriC33nALk Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

De seguindo trátanse

1 PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN.

O sr. alcalde di que tal e como consta na convocatoria, faise por vía de urxencia, porque hai que presentar a solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2025, tendo en conta que o prazo para presentar a documentación ante a Deputación Provincial da Coruña remata no día de hoxe ás 15.00 horas e evitar a perda da subvención derivada do citado Plan.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, pregunta que novedad e isa sobre o de onte, onte xa se sabía que o Plan terminaba hoxe ás tres. Non se nos pode convocar aquí sen dar unhas razóns de peso, ten que ter unha motivación de urxencia, onte xa se tomou un acordo. Este nivel de trilerismo, é se algún de nós non podemos vir, si quiera tiverades habilidade de facer unha pequena modificación na proposta, calquer cousiña que xustificase traernos aquí outra vez, fora mellor que a puxerades as cinco ou seis da mañá non houberamos aberto a convocatoria, celebrabádela vós os catro e xa está. Onte pedimos a túa dimisión e hoxe confírmame que estaba perfectamente acertada, porque tal grao de irresponsabilidade non se pode permitir, porque non se pode xogar cos intereses dos veciños desa maneira, a través de nós, xógase cos intereses dos veciños. O noso grupo vai votar en contra da urxencia porque non acabas de motivar, parécenos unha tomadura de pelo, por irresponsabilidade tes que dimitir.

O concelleiro non adscrito Darío Rey Suárez o que quere decir da urxencia era por se alo menos un de nós non puidera estar aquí, reafirma a idea de onte, da chantaxe de libro, conseguiu que o portavoz do BNG non está, pero se o alcalde sabe sumar, sabe que a situación é a de onte. Acaba de facerlle gastar aos veciños cento cinco euros por concelleiro, cando el ten dito en outras ocasións facendo populismo que non se podían convocar plenos para gastar recursos dos veciños, pois hoxe acaba de facer o ridículo, é o pleno máis ridículo da historia deste Concello e evidentemente seguimos no chantaxe, a miña proposta de onte, sen cambiar unha coma. O meu voto á urxencia é evidentemente en contra.

VOTACIÓN

A urxencia foi rexeitada, por catro votos a favor (3 de pMVdeT e 1 de PG) e seis en contra (5 de PP e o Concelleiro non adscrito); sendo once o número legal de membros da Corporación.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión por orde da Presidencia sendo as 10.34 horas do 7 de febreiro de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

CVD: V4kLiCNMbgzriC33nALk Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.